

## **O Parlamento de Galicia garda un minuto de silencio en sinal de respulsa contra o atentado de Manchester**

**Santiago, 23 de maio de 2017.-** O Pleno do Parlamento de Galicia gardou esta mañá un minuto de silencio en sinal de respulsa contra o atentado rexistrado a pasada noite no Manchester Arena.

Ao inicio do Pleno, o presidente da Cámara, Miguel Ángel Santalices Vieira, convidou ás deputadas e deputados presentes no Hemiciclo a gardar un minuto de silencio para expresar a condena do Lexislativo galego fronte ao atentado e trasladar a solidariedade do pobo galego ás vítimas e ás súas familias.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.